

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 19.09.2018 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 33742 (10/POC-005287)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen
Sobre a modificación de crédito para atender os custos da prórroga do Servizo de Gardacostas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 344, do 01.08.2018
- 1.2 33833 (10/POC-005308)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 7 máis
Sobre a formación específica que levará a cabo a Escola Galega de Administración Pública para fomentar a igualdade entre homes e mulleres, así como para sensibilizar, previr e fomentar a loita contra a violencia de xénero
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 344, do 01.08.2018
- 1.3 33842 (10/POC-005313)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o balance da fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade e a súa repercusión para asegurar o mantemento dos servizos das poboacións de Galicia con problemas demográficos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.4 35170 (10/POC-005546)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as xestións levadas a cabo, as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 3 de outubro de 2017, referido á retirada das inscricións franquistas existentes nas fachadas das igrexas católicas, e, en particular, a que hai na igrexa de Santiago en Cangas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 30526 (10/PNC-002456)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de dotar as corporacións locais do financiamento necesario para a prestación do servizo de axuda no fogar ás persoas en situación de dependencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018
- 2.2 32028 (10/PNC-002608)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas afirmacións da Real Academia Española referidas ao uso de toponimia galega deturpada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018
- 2.3 32962 (10/PNC-002698)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 14 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Proxecto de lei de creación do Consello Nacional de Colexios Profesionais de Enxeñaría Química de España, así como coa profesión e titulación de Enxeñaría Química
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 335, do 11.07.2018
- 2.4 34205 (10/PNC-002782)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre o impulso por parte da Xunta de Galicia para que nos orzamentos do exercicio 2019 estableza o financiamento necesario co fin de asumir a totalidade dos custos de mantemento de todos os centros de educación primaria de Galicia e así dar cumprimento ao establecido no pacto local
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**
POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 33742(10/POC-005287)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre a modificación de crédito para atender os custos da
prórroga do Servizo de Gardacostas

Publicación da iniciativa, 344, 01.08.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Luis Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 1.ª**

O Conselleiro de Presidencia ven de tramitar unha modificación de crédito por importe duns 250.000€, a que teríamos que engadir outras tramitadas por parte da Consellería do Mar para a mesma finalidade, atender os custes da prórroga do servizo de Gardacostas.

Na certificación do vicepresidente figura un Informe da dirección Xeral de planificación é orzamentos sen data nin sinatura. No citado informe sinalase a necesidade de dotar co crédito necesario a aplicación 14.01.541C.604.1 para levar a cabo a décimo sétima prórroga do contrato suscrito coa empresa Remolcadores Nosa Terra, S.A. para a xestión do servizo público de gardacostas de Galicia.

Alén da situación anómala que supón realizar unha prórroga por duodécima ocasión, non é comprensible que se teña que acudir a unha modificación de crédito para un servizo coñecido, que se ten que realizar e que suporá un gasto que debería estar contemplado nos orzamentos xa que non se trata dunha pequena desviación senón dun total de incremento de 851.273,69€

Por todo isto as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.ª:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 13:35
Nº Rexistro: 33742
Data envío: 24/07/2018 13:35:44.616



Cal é o motivo polo que A Xunta non tiña contemplado nos orzamentos esta partida?

Entende a Xunta acaído acudir a unha modificación orzamentaria para atender a este servicio de carácter ordinario?

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Carmen Santos Queiruga
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 24/07/2018 13:34:38

Carmen Santos Queiruga na data 24/07/2018 13:34:45

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 33833(10/POC-005308)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre a formación específica que levará a cabo a Escola Galega de Administración Pública para fomentar a igualdade entre homes e mulleres, así como para sensibilizar, previr e fomentar a loita contra a violencia de xénero

Publicación iniciativa vía urxencia, 344, 01.08.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:09
Nº Rexistro: 33833
Data envío: 27/07/2018 13:09:10.115

Á Mesa do Parlamento

Marian García Míguez, Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mourinho Villar, Alberto Pazos Couñago e Julia Rodríguez Barreira deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

A Administración pública ten a responsabilidade de velar porque se teñan en conta e se promovan a igualdade entre homes e mulleres e a integración da perspectiva de xénero nos diferentes ámbitos. Entre as súas misións está a de impulsar a igualdade de oportunidades, así como erradicar a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada en calquera das súas modalidades e consecuencias

As políticas e os programas que as administracións públicas propoñen en materia de igualdade e violencia de xénero deben facer fincapé nas medidas favorables ao recoñecemento do papel fundamental desempeñado polas mulleres nos procesos sociais, económicos e políticos, á participación das mulleres na xestión do poder e ao seu acceso á independencia económica en igualdade de condicións.

Neste sentido, o Plan de formación anual da Escola Galega de Administración Pública conta con actividades formativas específicas e transversais en igualdade e violencia de xénero. A estas accións súmanse tamén as accións formativas levadas a cabo ao abeiro das subvencións concedidas pola Escola ás entidades locais.

Tendo en conta a recente aprobación do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e co fin de adaptarnos ás novas exigencias da regulación autonómica os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:09
Nº Rexistro: 33833
Data envío: 27/07/2018 13:09:10.115

-Que formación específica levará a cabo a Escola Galega de Administración Pública para fomentar a igualdade entre homes e mulleres, así como sensibilizar, previr e fomentar a loita contra a violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2.018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles García Míguez na data 27/07/2018 13:07:12

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 13:07:24

César Manuel Fernández Gil na data 27/07/2018 13:07:40

María Isabel Novo Fariña na data 27/07/2018 13:07:53

Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2018 13:08:12

Antonio Mouriño Villar na data 27/07/2018 13:08:26

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/07/2018 13:08:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 33842(10/POC-005313)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o balance da fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade
e a súa repercusión para asegurar o mantemento dos servizos
das poboacións de Galicia con problemas demográficos

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:32
Nº Rexistro: 33842
Data envío: 27/07/2018 13:32:23.798



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O 16 de marzo de 2016 iniciábase o expediente para a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade, na provincia de Pontevedra, a segunda fusión da que presume o Goberno galego. No informe que firmaba o propio alcalde de Cotobade dicíase o seguinte:

1. Que as previsións demográficas de ambos concellos empezaban a ser preocupantes e supoñían un importante problema para manter o nivel de servizos e prestacións.
2. Que a fusión sería estratéxica para asegurar a supervivencia e sustentabilidade a medio e longo prazo destas poboacións.
3. E que Cerdedo perdía continuamente poboación dende 1995, diminuíndo a súa taxa de natalidade e con previsión de empeorar a de mortalidade no futuro.

De feito, no ano 2015 os datos eran alarmantes: o concello de Cotobade veu reducida a súa poboación á metade dende o máximo de 1920 ata 2015 e o de Cerdedo veu reducida a un terzo a súa poboación dende o máximo en 1950 ata 2015. Non obstante, a comezos de 2018 o INE indicaba que o número de veciños do concello xa fusionado se incrementara en 36 persoas a data 1 de xaneiro de 2017, polo tanto, a fusión fora todo un éxito, e así o celebraron dende o propio Goberno da Xunta de Galicia.

Mais resulta que había trampa. Xa dende este grupo parlamentario advertiamos no seu momento que esta fusión voluntaria se fixera de xeito improvisado, respondendo ás necesidades políticas concretas e temporais dos seus promotores (o Goberno do presidente Feijóo), sobre todo pola posible alteración do reparto de escanos na deputación provincial. E así foi: segundo fontes do INE, tan pronto como se



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:32
Nº Rexistro: 33842
Data envío: 27/07/2018 13:32:23.798



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

revisou o padrón comezaron as incorreccións (e iso que o anterior alcalde de Cerdedo, o actual parlamentario José Balseiros, falaba hai uns días de seguros erros administrativos), incorreccións que consistiron na desaparición de 200 persoas do padrón de Cerdedo. Ou tiñan mal o DNI ou figuraban en domicilios que non o eran. O novo Concello tentou localizalos pero foi imposible, desapareceran como se foran tragados pola terra.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa o Goberno galego que as fusións de concellos son estratéxicas para asegurar o mantemento dos servizos das poboacións de Galicia con problemas demográficos?
2. Segue a pensar o Goberno que a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade foi todo un éxito?
3. Sabe o Goberno que pasou coas 200 persoas desaparecidas do padrón de Cerdedo? Sabe quen foi ou foron os responsables da súa inclusión no censo?
4. Estaban dentro deses 200 desaparecidos as 36 persoas que a comezos de 2017 incrementaran o número de veciños do concello fusionado?
5. Cando vai demandar o Goberno explicacións ao alcalde de Cerdedo-Cotobade?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/07/2018 13:05:02

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/07/2018 13:05:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:32
Nº Rexistro: 33842
Data envío: 27/07/2018 13:32:23.798



Grupo Parlamentario



Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/07/2018 13:05:13

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 35170(10/POC-005546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións levadas a cabo, as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 3 de outubro de 2017, referido á retirada das inscricións franquistas existentes nas fachadas das igrexas católicas, e, en particular, a que hai na igrexa de Santiago en Cangas

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

A Comisión 1ª do Parlamento galego, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 3 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo unánime:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a

1. Negociar co arcebispo de Santiago, no marco da comisión mixta Xunta-Igrexa Católica, a retirada da inscrición franquista da igrexa de Santiago de Cangas antes de finais de 2017.

2. Estender esta negociación a outras inscricións similares que aínda permanecen nas fachadas das igrexas, co obxecto de que se retiren no prazo máis breve posíbel.

3. No caso de que a igrexa católica non amose disposición, de acordo co establecido na lei 52/2007, de 26 de decembro, (...), coñecida como lei de memoria histórica, e a Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galiza, iniciar os correspondentes expedientes para ordenar a retirada das citadas inscricións, considerando a súa dobre condición de símbolos de exaltación do franquismo e de atentados contra o patrimonio”.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35170
Data envío: 28/08/2018 11:00:38.264

Transcorridos 10 meses do devandito acordo, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Que xestións realizou a Xunta de Galiza para o cumprimento deste acordo parlamentar?

-Por que aínda non se retirou a inscrición franquista da igrexa de Santiago de Cangas?

-En que prazo está previsto dar cumprimento ao acordo parlamentar?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2018 10:59:53



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35170
Data envío: 28/08/2018 11:00:38.264

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2018 11:00:00

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2018 11:00:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2018 11:00:03

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2018 11:00:05

Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2018 11:00:06

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 30526(10/PNC-002456)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de dotar as corporacións locais do financiamento necesario para a prestación do servizo de axuda no fogar ás persoas en situación de dependencia

Publicación da iniciativa, 305, 16.05.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30526
Data envío: 04/05/2018 14:25:16.221



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte ***Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª***

Exposición de motivos

O servizo de axuda no fogar é un servizo público que ten a consideración de prestación básica e cuxa competencia executiva reside actualmente nos concellos. A necesidade deste servizo deriva de constatar que a situación de dependencia non só supón un problema para a persoa que a padece, senón para as familiares -xeralmente, mulleres- que se fan cargo das labores de coidados, imposibilitándolles unha vida autónoma e independente.

Esta situación agrávase co RD 20/2012, que suprimiu o financiamento público dos convenios especiais para coidadores non profesionais, levando a moitas mulleres coidadoras a non poder alcanzar o tempo de cotización e quedando, polo tanto, sen unha pensión.

Como podemos observar, este servizo esencial non só repercute na calidade de vida das persoas en situación de dependencia, senón en todo o seu entorno familiar. É por isto que compre dotar do orzamento necesario ás institucións competentes, neste caso aos concellos, para garantir o bo funcionamento deste servizo e dar facilidades a aquelas familias que xa se atopan en situación verdadeiramente inxustas.



É fundamental para o bo funcionar das Administracións Públicas que os cidadáns as perciban como garantes de dereito e de solución ás situacións máis dramáticas, e neste sentido é imposible que isto aconteza se os concellos non contan co orzamento suficiente para facer fronte a un servizo que os toca nos seus propios fogares.

Neste sentido, dende En Marea non podemos deixar de reclamar que se orzamente axeitadamente o Servizo de Axuda no Fogar, garantindo así unha maior calidade de vida e unha mellora na confianza dos nosos cidadáns cara as institucións públicas.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- 1.º-Iniciar unha consulta ás administración locais co obxecto de estimar a cantidade orzamentaria necesaria para executar con eficacia o Servizo de Atención ao Fogar.
- 2.º)- Activar os mecanismos necesarios para inxectar o orzamento ás corporacións locais.
- 3.º) -Iniciar unha negociación co Goberno central co obxectivo de garantir que nos anos vindeiros este servizo conte co orzamento necesario dende o primeiro momento.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30526
Data envío: 04/05/2018 14:25:16.221

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Voceira s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 04/05/2018 14:24:33

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 32028(10/PNC-002608)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas afirmacións da Real Academia Española referidas ao uso de toponimia galega deturpada

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32028
Data envío: 07/06/2018 14:09:50.748

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión**, sobre o uso e promoción de toponimia deturpada por parte da RAE e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Real Academia Española (RAE), facéndose eco do uso reiterado do expresidente do Goberno español M.Rajoy do topónimo deturpado *Sanxenjo/Sanjenjo*, apelaba a través das redes sociais a usar ese termo “fóra de usos oficiais” pois, dixo, é a “forma tradicional en español”.

Previamente, a RAE afirmou que “a grafía en castelán é *Sanjenjo*, mentres que *Sanxenxo* é a grafía en galego”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32028
Data envío: 07/06/2018 14:09:50.748

A institución, coñecedora da legalidade vixente e do disposto no artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística de 1983 no que se recolle como única forma oficial e legal da toponimia a galega, provocou coas súas afirmacións unha profunda indignación social entre amplos e diversos sectores da sociedade.

Cómpre lembrar que non estamos a falar da opinión dunha persoa particular senón dunha institución oficial como tamén dun representante público, como foi e aínda é, o señor Rajoy.

A actitude da RAE é, alén do máis, unha falta de respecto cara ao pobo galego e as institucións deste país, que as representan. Polo tanto, é inadmisíbel e pouco entendíbel que a Xunta, como goberno deste país, non se pronuncie ao respecto defendendo a dignidade colectiva de Galiza

As declaracións da RAE non constitúen apenas unha anécdota senón que ao longo do noso propio territorio é habitual ver sinalética con toponimia deturpada, tamén en documentos oficiais do Goberno español –como xa ten denunciado o BNG no Parlamento, da administración de Xustiza ou, sen ir máis lonxe, o Goberno municipal do Concello de Ribeira que insistentemente reincide no uso do termo deturpado *Riveira*.

Por todo o anterior, formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento, como representante da soberanía nacional de Galiza, acorda por resolución reprobar a Real Academia Española pola súa actitude cara á toponimia galega, así mesmo, insta a Xunta de Galiza a se dirixir á devandita institución para:

1. Trasladarlle formalmente o malestar e rexeitamento do Goberno galego, como representante de todas as galegas e galegos, polo desprezo amosado cara á toponimia galega e a súa única forma oficial e legal que é en galego.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32028
Data envío: 07/06/2018 14:09:50.748

2. Demandar da RAE unha desculpa pública así como que se retracte das expresións manifestadas asumindo o respecto e garantía de cumprimento da Lei de Normalización Lingüística, especialmente do seu artigo 10.”

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/06/2018 14:09:19

María Montserrat Prado Cores na data 07/06/2018 14:09:24

Ana Pontón Mondelo na data 07/06/2018 14:09:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/06/2018 14:09:26



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32028

Data envío: 07/06/2018 14:09:50.748

Noa Presas Bergantiños na data 07/06/2018 14:09:28

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2018 14:09:29

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 32962(10/PNC-002698)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 14 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación co Proxecto de lei de creación do
Consello Nacional de Colexios Profesionais de Enxeñaría
Química de España, así como coa profesión e titulación de
Enxeñaría Química

Publicación da iniciativa, 335, 11.07.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2018 13:56
Nº Rexistro: 32962
Data envío: 29/06/2018 13:56:38.738

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís, Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de Lei para o seu debate na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O Grupo Parlamentario Popular no Congreso de los Diputados presentou no seu día un Proxecto de Lei de creación do Consejo Nacional de Colegios Profesionales de Ingeniería Química de España e quedou sen culminar debido á convocatoria de eleccións xerais polo entón presidente Rodríguez Zapatero.

A lexislación promovida permitía superar a discriminación á que ven sendo sometida a titulación de Enxeñería Química dende o momento da súa creación, derivada da súa orixe posterior a outras ramas da Enxeñería, e de que a normativa precedente non se ten adaptado ao surximento da nosa disciplina no ámbito académico.

O Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia (COEQGa), leva tempo solicitando as modificacións lexislativas necesarias co fin de completar o RD 1837/2008 e incluír a *Ingeniería Química* dentro do Anexo VIII -de profesións reguladas- para cumprir as exigencias recoñecidas aos colectivos que si se inclúen

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2018 13:56
Nº Rexistro: 32962
Data envío: 29/06/2018 13:56:38.738

nesa Disposición segundo o artigo 4.1. do citado Real Decreto o que permite a estes considerarse regulados de pleno dereito dentro do marco normativo español e non quedar relegados como ata o momento.

Resulta importante esta regulación porque hai que establecer con plena seguridade xurídica a homologación entre a titulación de Enxeñería Química e a titulación de Enxeñería Industrial Especialidade de Química, tal e como ten establecido no seu momento o RD 1954/1994; para evitar os constantes procesos xudiciais aos que deben recorrer os enxeñeiros químicos a fin de evitar verse excluídos nos procesos de selección de persoal das Administracións Públicas ou en calquera outro proceso selectivo ou concurso (procesos que se estenden durante longos anos e que polo tanto supoñen un efectivo obstáculo para participar en ditos procesos e concursos).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1. Tramitar e aprobar definitivamente o *Proxecto de Lei de creación do Consejo Nacional de Colegios Profesionales de Ingeniería Química de España*.
2. Facer as modificacións necesarias co fin de completar o RD 1837/2008 a fin de incluír a Enxeñería Química dentro do Anexo VIII -de profesións reguladas- cumprindo deste modo coas exigencias recoñecidas aos colectivos si incluídos en dita disposición segundo o artigo 4.1. do citado Real Decreto, e permitindo aos titulados en Enxeñería Química considerarse regulados de pleno dereito



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2018 13:56
Nº Rexistro: 32962
Data envío: 29/06/2018 13:56:38.738

dentro do marco normativo español e non quedar relegados como ata o momento.

3. Dotar á Enxeñería Química dun marco legal equivalente ao previsto na *Resolución de 15 de xaneiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades*, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, polo que se establecen as condicións ás que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das distintas profesións reguladas de enxeñeiro (BOE 29-01-2009).
4. Establecer con plena seguridade xurídica a homologación entre a titulación de Enxeñería Química e a titulación de Enxeñería Industrial Especialidade Química, tal e como estableceu no seu momento o RD 1954/1994”.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/06/2018 13:49:25

Paula Prado Del Río na data 29/06/2018 13:49:35

César Manuel Fernández Gil na data 29/06/2018 13:49:43

Alberto Pazos Couñago na data 29/06/2018 13:49:46

Jacobo Moreira Ferro na data 29/06/2018 13:49:57

María Isabel Novo Fariña na data 29/06/2018 13:50:05

Antonio Mouriño Villar na data 29/06/2018 13:50:16

María Julia Rodríguez Barreira na data 29/06/2018 13:50:27

Raquel Arias Rodríguez na data 29/06/2018 13:50:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2018 13:56
Nº Rexistro: 32962
Data envío: 29/06/2018 13:56:38.738

María Guadalupe Murillo Solís na data 29/06/2018 13:50:45

Moisés Blanco Paradelo na data 29/06/2018 13:50:55

Maria Antón Vilasánchez na data 29/06/2018 13:51:04

Teresa Egerique Mosquera na data 29/06/2018 13:51:15

Carlos Gómez Salgado na data 29/06/2018 13:51:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/06/2018 13:51:47

Martín Fernández Prado na data 29/06/2018 13:51:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 34205(10/PNC-002782)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o impulso por parte da Xunta de Galicia para que nos orzamentos do exercicio 2019 estableza o financiamento necesario co fin de asumir a totalidade dos custos de mantemento de todos os centros de educación primaria de Galicia e así dar cumprimento ao establecido no pacto local

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34205
Data envío: 01/08/2018 15:42:43.313



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

**Partido dos
Socialistas
de Galicia**

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

En xaneiro de 2006 a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron o Pacto local galego, pacto que contén unha serie de acordos, entre os que se encontra a asunción dos custos de mantemento dos centros de educación primaria de Galicia.

Pasados máis de 12 anos desde a sinatura deste pacto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que nos orzamentos para o exercicio 2019 estableza o financiamento necesario co fin de asumir a totalidade dos custos de mantemento de todos os centros de educación primaria de Galicia para dar cumprimento ao establecido no Pacto local.

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2018 15:39:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/08/2018 15:39:54

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/08/2018 15:40:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2018 15:40:15